

NOTA INFORMATIVA

FOLGA POLO CONVENIO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE GALIZA

UXT, CIG e CC.OO., que representan a totalidade dos Delegados Sindicais do sector, convocan para os días 26, 28 e 30 de novembro un paro de 24 horas en tódalas instalacións deportivas existentes en Galiza. Esta convocatoria de folga afecta a máis de 150 instalacións.

Dende novembro de 2007 tentamos atopar unha solución de consenso, pero, despois de dous anos, comprobamos que a patronal non tiña intención real de chegar a un acordo xusto, polo que nos vemos na obriga de tomar esta medida de presión.

A maioría destes centros deportivos son públicos, porén, a súa xestión está en máns privadas. Unha fórmula que, ao final, beneficia a determinadas empresas e prexudica aos de sempre, os traballadores destas instalacións, que teñen que subsistir con salarios precarios. No sector hai titulados universitarios do INEF que cobran 800 euros ao mes por xornadas completas e con dispoñibilidade horaria absoluta, sometidos a cambios de horarios á conveniencia da empresa.

Os convocantes desta folga pedimos disculpas polas molestias que este paro lles poida ocasionar a tódolos cidadáns que habitualmente usan e gozan destas instalacións deportivas. Agardamos que comprendan que o paro está plenamente xustificado e que a patronal non nos deixou outra alternativa. É necesaria esta medida de presión para conseguir que os traballadores de pavillóns, pistas deportivas, ximnasios, e demais instalacións, teñan un salario digno e acorde co seu traballo.

Xunto a este escrito, xúntase un formulario para que tódolos usuarios das instalacións poidan reclamar a parte proporcional correspondente do seu aboamento mensual, por verse privados de utilizar as instalacións debido á folga.

Esta folga aféctalle a tódalas instalacións deportivas, competicións, clubs... nas súas distintas modalidades -ténis, golf, náutica...- e tamén aos equipos de elite como Deportivo, Celta, Liceo, Lobelle, Xacobeo Blusens de baloncesto.



www.cigservizos.org

